



CIRCULAR DE OUTUBRO DE 2023

A TODAS AS FAMILIAS DE ALUMNOS/AS

Unha vez iniciado o curso escolar 2023/24 e co fin de propiciar a necesaria relación entre os membros desta Comunidade Educativa, poñemos á vosa disposición a seguinte información:

1.- REUNIÓN INFORMATIVAS

Este curso as reunións informativas de inicio de curso cos titores/as volverán a ser de xeito presencial. Ademais os martes pola tarde, en horario de 17:30 a 18:30, levaranse a cabo as titorías coas familias para as que será imprescindible concertar previamente cita co titor/especialista (podedes escoller vía presencial ou telefónica).

2.- AVALIACIÓN

As familias accederán ás cualificacións do alumnado empregando a aplicación ABALARMOBIL nas seguintes datas:

1ª Avaliación – 21 de decembro de 2023.

2ª Avaliación – 22 de marzo de 2024.

3ª Avaliación – 21 de xuño de 2024.

3.- HORARIO ESCOLAR

Durante o curso o horario será de 9:00 a 14:00 horas.

4.- PERÍODOS VACACIONAIS

- VACACIONES DE NADAL : do 22 de decembro ao 7 de xaneiro (ámbolos dous incluídos).
- FESTAS DE ENTROIDO: 12, 13, 14 de febreiro.
- VACACIONES DE SEMANA SANTA: do 25 de marzo ao 1 de abril (ámbolos dous incluídos).
- DÍA DO ENSINO: 7 de decembro.
- DÍA NON LECTIVO: 20 de maio. (Pendente de aprobación)
- O último día deste curso no que haberá clase será o 21 de xuño.

5.- FALTAS DE ASISTENCIA E/OU PUNTUALIDADE.

ROGAMOS PUNTUALIDADE porque prexudica o normal funcionamento da actividade lectiva.

@S MESTR@S TEÑEN A OBRIGA DE LEVAR UN REXISTRO DE FALTAS DE ASISTENCIA / PUNTUALIDADE, que recibiredes a través da aplicación Abalarmobil.

Cando un alumno/a, por calquera motivo, se ausente durante unha xornada escolar, deberedes XUSTIFICAR a falta empregando a axenda escolar.

Do mesmo xeito se un alumno/a precisa saír do centro en horario escolar, deberá facelo co permiso do titor/a e farao sempre acompañado do seu pai/nai ou persoa debidamente autorizada.

Ademais a persoa que o recolla/deixe debe cubrir unha folla de rexistro que atoparedes na mesa da entrada do edificio principal.

6.- CONTROL DAS PERSOAS QUE ACEDEN A O CENTRO.

De acordo coa orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regula o funcionamento dos Centros de educación Infantil e Primaria, "NON SE PODERÁ ACCEDER AOS ESPACIOS DIDÁCTICO-PEDAGÓXICOS, INCLUIDOS CORREDORES, DURANTE AS HORAS DE CLASE SEN A DEBIDA AUTORIZACIÓN.

7.- VISITAS AOS MEMBROS DO EQUIPO DIRECTIVO. (Deberán ser concertadas con antelación)

Directora:

luns de 12:20 - 14:00

mércores de 10:40 - 11:30 e de 13:10 - 14:00

xoves de 10:40 - 11:30

Xefe de estudos:

luns de 9:00 - 9:50

martes de 9:00 - 10:40

xoves de 9:00 - 10:40

Secretaria:

luns de 10:40 - 11:30

mércores de 12:20 - 14:00

venres de 9:00 - 9:50

8- HORARIO DO ADMINISTRATIVO de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas. TELÉFONO 886 11 04 33

9.- CELEBRACIÓN DE ANIVERSARIOS.

No centro non se permite o reparto de invitacións de festas de aniversario.

Se queredes que o alumnado comparta cos seus compañeiros/as da aula algún doce / larpeirada / agasallo deberedes contar coa autorización do titor/a e ter en conta que no centro hai alumnado con alerxias alimentarias severas e intolerancias.

10.- POR CUESTIÓN DE SEGURIDADE NON SE PERMITE O ACCESO ÁS INSTALACIÓNS DO CENTRO CON ANIMAIS DE COMPAÑÍA NIN A CIRCULACIÓN EN MONOPATÍNS, BICICLETAS OU OUTROS VEHÍCULOS.

O EQUIPO DIRECTIVO.